



O grupo creouse no ano 2002, constituíndose como asociación sen ánimo de lucro no ano 2006. Formamos un grupo heteroxéneo, onde a diversidade de idades, profesións e relixións enriquecen moito os ensaios e actuacións.

Representamos obras únicas, escritas polo noso director, sempre en galego, cómicas e reivindicativas, levando sempre un trasfondo social.

Algunha das problemáticas tratadas foron a corrupción, a inquisición, o quecemento global, as herdanzas...con títulos como "Caso retrete", "Crise nas neuronas", "PEN 007, con licenza para matar", "O xuramento de Drake ao pé da Torre de Hércules", "A boca do inferno", "Como me ves?",...

Xeralmente as funcións realizámolas na contorna da Coruña, mais tamén actuamos no Teatro Principal de Santiago, en Muros e mesmo en Toulouse.

Realizamos, como mínimo, unha actuación para algunha entidade benéfica. Pode ser o banco de alimentos ou semellante do concello onde actuamos, ONG,... Tamén destacar a participación na campaña "Stop ao tráfico de menores" da ONG Tierra de Hombres, coa peza "o libriño que non me levou ao país das marabillas" coa que colaboramos con esta organización durante dous anos.



OBRA DE TEATRO AFECCIONADO : POLO PLAN

Interpretada por:

TROTA CONVENTOS TEATRO

Dirixida por:

CARLOS FREIRE